R.E.L. nº 01150294

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E DOUS DE FEBREIRO DE 2017

NÚM. 02/2017

SRES/RAS ASISTENTES

PRESIDENTE
D. Amancio Lavandeira Suárez

CONCELLEIROS
Dª Laura Mariño Taibo
D. Abrahán Gerpe Muñiz
Dª Laura Tasende Cancela
D. Andrés Manuel Díaz Abeledo
Dª Mª Dolores Taibo Lavandeira
D. Antonio Pensado Plágaro
D. Juan García Velo
Dª María Ángeles Gema Eiroa Villar
Dª Clarisa Couto Castro
D. Luis Souto Gómez
D. Emilio Fondo Novo

NON ASISTE
Dª Verónica Facal Rodríguez

INTERVENTORA
Dª. María Carmen Menéndez Ares

SECRETARIA
Dª. Mª del Carmen Seoane Bouzas

No salón de Plenos da Casa Consistorial de Coristanco, sendo as 20:00 horas do día vinte e dous de febreiro de 2017, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Amancio Lavandeira Suárez , e asistido pola secretaria da Corporación, Dª Mª Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, reúnense os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 01.12.2016, 30.12.2016 E 01.02.2017.

Pola Presidencia pregúntase aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 01.12.2016, 30.12.2016 e 01.02.2017.

Non habendo observacións, quedan aprobadas as actas das devanditas sesións, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- COMPATIBILIDADE

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Pleno do 16.02.2017, que literalmente sinala:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA DE COMPATIBILIDADE

Consta no expediente a proposta de Alcaldía de 13.02.2017, que literalmente sinala:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA COMPATIBILIDADE

Vista solicitude presentada por o 03.02.2016 (NRE 434 e 572), funcionario interino por acumulación de tarefas polo prazo de seis meses, para que lle sexa concedida a compatibilidade no seu posto de traballo coa actividade privada que se detalla na mesma.

Vista a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, o Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes, o Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade e demais normativa concordante, propoño ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Recoñecer a a compatibilidade no seu posto de traballo de Arquitecto Técnico Municipal de Coristanco co exercicio da actividade de "Arquitecto Técnico", en réxime de autónomo, cunha xornada laboral de 15 horas á semana, a realizar entre ás 17:00 e 10:00 horas de luns a venres, coas seguintes condicións:*

- *A actividade exercerase sempre fóra do horario laboral establecido polo concello.*
- *A actividade realizarase para encargos profesionais a executar fóra do termo municipal de Coristanco.*
- *A actividade realizarase para encargos profesionais de persoas/asuntos/entidades coas que non teña vinculación ou relación polo desenrolo do posto de traballo de Coristanco, de modo que se eviten áreas de coincidencia entre os intereses públicos e os privados.*
- *O recoñecemento da compatibilidade para actividades privadas de índole profesional deberá completarse con outro específico para cada proxecto ou traballo técnico que requira licenza ou resolución administrativa ou visado colexial.*
- *O recoñecemento da compatibilidade queda suxeito ao cumprimento da normativa en vigor en cada momento e ás condicións nas que se concede, debendo comunicarse calquera variación.*

Segundo.- *Inscribir o presente Acordo no correspondente Rexistro de Persoal da Corporación.*

Terceiro.- *Notificar o presente Acordo ao interesado, recoñecendo a compatibilidade solicitada, igualmente se comunicará ao centro no que desenvolve a outra actividade".*

A Comisión Informativa de Asuntos de Pleno, en sesión celebrada o 16.02.2017, ditamina desfavorablemente, por 4 votos en contra (PP), unha abstención (PSOE) e 2 votos a favor (TeGa), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Recoñecer a a compatibilidade no seu posto de traballo de Arquitecto Técnico Municipal de Coristanco co exercicio da actividade de "Arquitecto Técnico", en réxime de autónomo, cunha xornada laboral de 15 horas á semana, a realizar entre ás 17:00 e 10:00 horas de luns a venres, coas seguintes condicións:*

- *A actividade exercerase sempre fóra do horario laboral establecido polo concello.*
- *A actividade realizarase para encargos profesionais a executar fóra do termo municipal de Coristanco.*
- *A actividade realizarase para encargos profesionais de persoas/asuntos/entidades coas que non teña vinculación ou relación polo desenrolo do posto de traballo de Coristanco, de modo que se eviten áreas de coincidencia entre os intereses públicos e os privados.*

R.E.L. nº 01150294

- *O recoñecemento da compatibilidade para actividades privadas de índole profesional deberá completarse con outro específico para cada proxecto ou traballo técnico que requira licenza ou resolución administrativa ou visado colexial.*
- *O recoñecemento da compatibilidade queda suxeito ao cumprimento da normativa en vigor en cada momento e ás condicións nas que se concede, debendo comunicarse calquera variación.*

Segundo.- *Inscribir o presente Acordo no correspondente Rexistro de Persoal da Corporación.*

Terceiro.- *Notificar o presente Acordo ao interesado, recoñecendo a compatibilidade solicitada, igualmente se comunicará ao centro no que desenvolve a outra actividade".*

O voceiro do PP manifesta que se reiteran no manifestado na Comisión Informativa e pregunta por que hai outro traballador, se ademais nas resolucións observou que a subvención para a contratación do normalizador ten advertencias de secretaría.

O concelleiro do PSOE expresa que ao seu entender non fai falla outro técnico.

Intervén a Sra. Mariño para sinalar que se están mesturando dous debates e cre que non concederlle o solicitado lle prexudica.

O Sr. Alcalde explica que había unha serie de expedientes moi atrasados e se fixeron varios procedementos para rematalos, unha empresa de urbanismo non rematou todos no prazo, despois entrou o aparellador actual e como a administración non cumpre os prazos foi necesario realizar outra contratación, xa que é un posto estrutural, que nada ten que ver coa subvención de normalizador. Di que a persoa foi seleccionada da bolsa de emprego e do que se trata no asunto, sen mencionar situacións pasadas, é de si se lle permite que realice outras actividades.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (4 TeGa e 1 BNG).
- Votos en contra: 6 (PP).
- Abstencións: 1 (PSOE).

Non resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Recoñecer a a compatibilidade no seu posto de traballo de Arquitecto Técnico Municipal de Coristanco co exercicio da actividade de "Arquitecto Técnico", en réxime de autónomo, cunha xornada laboral de 15 horas á semana, a realizar entre ás 17:00 e 10:00 horas de luns a venres, coas seguintes condicións:

- A actividade exercerase sempre fóra do horario laboral establecido polo concello.
- A actividade realizarase para encargos profesionais a executar fóra do termo municipal de Coristanco.
- A actividade realizarase para encargos profesionais de persoas/asuntos/entidades coas que non teña vinculación ou relación polo desenrolo do posto de traballo de Coristanco, de modo que se eviten áreas de coincidencia entre os intereses públicos e os privados.
- O recoñecemento da compatibilidade para actividades privadas de índole profesional deberá completarse con outro específico para cada proxecto ou traballo técnico que requira licenza ou resolución administrativa ou visado colexial.
- O recoñecemento da compatibilidade queda suxeito ao cumprimento da normativa en vigor en cada momento e ás condicións nas que se concede, debendo comunicarse calquera variación.

R.E.L. nº 01150294

Segundo.- Inscribir o presente Acordo no correspondente Rexistro de Persoal da Corporación.

Terceiro.- Notificar o presente Acordo ao interesado, recoñecendo a compatibilidade solicitada, igualmente se comunicará ao centro no que desenvolve a outra actividade.

3.- POS + 2017.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda do 16.02.2017, que literalmente sinala:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA POS+ 2017.

Consta no expediente a proposta de Alcaldía de 22.02.2017, de modificación de unha inicial, que literalmente sinala:

" MODIFICACIÓN DA PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2017"

Visto a publicación no Boletín Oficial da Provincia número 226, de 29 de novembro de 2016, onde se publica a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia

municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2017".

Vistos os informes de Intervención nos que se inclúe a relación de facturas pendentes de pago con proveedores e os datos das débedas con entidades financeiras a reducir, así como o nivel de endebedamento financeiro do concello

Proponse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

***PRIMEIRO.-** Aprobar a participación no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017","achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":*

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación. Importe modificado	Deputación. Importe Comisión
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	264968,47	264968,47
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	430565,44	430028,44
Subtotal pago a provedores	695533,91	694996,91

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda
BBVA		56922
ABANCA		18300,48
ABANCA		209618,62

R.E.L. nº 01150294

Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	*284841,1*

".

A Comisión Informativa de Facenda, en sesión celebrada o 16.02.2017, ditamina desfavorablemente, por 4 votos en contra (PP), unha abstención (PSOE) e 3 votos a favor (TeGa), a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- *Aprobar a participación no* ***Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017"*** *da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017","achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":*

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación. Importe modificado	***Deputación. Importe Comisión***
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	***264968,47***	*264968,47*
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	***430565,44***	*430028,44*
Subtotal pago a provedores	***695533,91***	*694996,91*

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	***Número/código do préstamo***	***Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda***
BBVA		*56922*
ABANCA		*18300,48*
ABANCA		*209618,62*
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		*284841,1*

".

A continuación a secretaria manifesta que lle entregou pola mañá o Sr. Alcalde unha enmenda ao ditame da Comisión Informativa do 16.02.2017, sen especificar en que consisten os cambios nas listaxes de facturas, polo que haberá que realizar primeiro a votación á proposta de enmenda e se esta non sae aprobada, deberá votarse o ditame.

Constan no expediente dúas dilixencias de secretaría, unha de 16 de febreiro de 2017 e outra de 22 de febreiro de 2017.

O Sr. Alcalde explica que se detectaron uns erros por intervención durante a mañá, e se incorporan unha serie de facturas que non estaban na contabilidade.

O voceiro do PP manifesta que lle cede a palabra o concelleiro do seu partido, o señor Pensado, porque coñece mellor o tema a tratar neste asunto.

O señor Pensado recorda que o tema está enriba da mesa dende novembro se trata neste pleno cando o prazo remata o día 24, pero e todo baixo a responsabilidade do señor alcalde. Di que son moitas casualidades e pídelle o alcalde que cando se acerque alguén da corporación o Concello se lle atenda. Pregunta como non se detectaron erros na comisión informativa e despois dáse conta de que algunha factura incluída xa estaba pagada. Anuncia que o seu grupo non lle vai a aceptar que faga un pleno con unhas facturas e deixe outras polo que o que debe de facer e un listado por orde e despois convoca os grupos da oposición e a ver se se chega a un acordo, xa que se quere que se paguen as facturas debe contar con eles.

R.E.L. nº 01150294

O concelleiro do PP sinala a brevidade con que foi convocada a comisión informativa de facenda, na que ademais non se atopaba a interventora.

A continuación intervén a señora Menéndez que estivo alí dende o martes.

Continua o concelleiro do PSOE a súa intervención sinalando que aí unha advertencia de secretaria que entre outras cousas sinala que non se acredita que se siga a orde no expediente, polo que vai a estar de acordo co PP de que non se colaborou cos grupos da oposición para resolver este expediente.

A voceira do BNG di que hai que separar dúas cousas no expediente, por un lado, a tramitación, que hai dubidas de que o expediente estea correcto, e tamén e certo que o goberno o coñecía dende mediados de novembro e que da a sensación de que non sabe por onde se navega, nin o criterio que está a seguir para alterar a orde. Pide que se lle explique se e que existe ese criterio, xa que a ela non lle queda claro. Recorda o asunto dos montóns nos que se dividiron as facturas, pero agora resulta imposible analizar todos os expedientes para resolver antes do 24. En canto ao fondo que se debate, que é o pago de facturas sinala que hai xente que está sen cobrar. Do cal e responsable o anterior goberno, pero tamén en parte o actual que non lle deu axilidade aos expedientes. Propón que o asunto quede enriba da mesa e que se metan todas as facturas existentes é que o Concello se comprometa a pagar en función dos expedientes que se vaian pechando.

Intervén de novo a señora Menéndez que indica que colleuse a orde cronolóxica, é que os expedientes de tramitación se abriron e o Concello non os tramitou.

O señor alcalde aclara que se hai que entender que se poden incluír facturas dos capítulos II e VI e as outras facturas non se poden meter, e que cando a Deputación que este POS había que dedicalo a débeda o fixo obrigatorio no 75% da subvención sendo ela mesma a que puxo a condición e despois o concello decidiu dedicar todo o importe ao pago a proveedores de facturas cuxo importe sexa superior a 100 Euros. Continua dicindo que lle trasladou iso aos servicios de intervención para que procederan a realizar ese listado. O cal partiu dos servicios de intervención. Non é que el estivera escollendo unhas facturas si e outras non. De feito hai moitas que pertencen ao equipo de goberno anterior. Di que o listado estivo a disposición dos concelleiros dende o Xoves para velo e consultalo e incluso se fixo unha xuntanza de voceiros e o PP non deu sinais. Polo que hoxe se plantexa que unha parte vai destinada ao pago da débeda bancaria e outra parte vai destinada a proveedores e as facturas que se inclúen non se van a poder pagar antes de abril por iso se realiza hoxe a emenda. Conclúe a súa intervención dicindo que no momento en que se peche o exercicio 2016 se levará a pleno un recoñecemento extraxudicial e pide que cada grupo vote en conciencia pensando nos proveedores.

O señor Pensado replícalle que fala dun listado e xa se lle explicou como está o listado e insiste en que se lles convocou a unha comisión informativa con un asunto con erros. Anuncia que na última publicación do ministerio a débeda de Coristanco ía en aumento pola

R.E.L. nº 01150294

mala xestión do señor alcalde. Pide que conste en acta que se quere o apoio do seu grupo lle di que se sente con eles e que está seguro que poderán chegar a un acordo e despois o venres facer un pleno.

Toma a palabra a señora Mariño para dicir que ten toda a intención de colaborar co goberno pero o señor alcalde o está poñendo difícil. A continuación le a dilixencia de Secretaria que obra no expediente, de data 16 de febreiro de 2017.

Continúa a súa intervención dicindo que a súa proposta e meter todas as facturas, e despois ir pagando o que proceda ata o límite que da a Deputación de subvención. Di que tamén debería achegarse coa lista de que fala o alcalde a lista dos que non incluíu. Expresa que ten intención de colaborar pero non lle gustas as medias verdades porque na xunta de voceiros e certo que o PP non excusou a súa ausencia, o PSOE si, pero non se falou de facturas.

O concelleiro do PSOE manifesta que está de acordo con Laura, xa que é unha opción moi intelixente. Dille o señor alcalde que esa frase de responder ante proveedores soa a ameaza, e o que ten que responder e el, e ten que pensar nos proveedores que cobran e nos que non cobran, polo que ten que acreditarse a orde seguida.

O señor alcalde aclara que o montante de todas as facturas pendentes e de 1.800.000 Euros, polo que hai un grupo de proveedores que non entran. Conclúe que vaise abrir a alternativa plantexada de que quede enriba da mesa.

Procedese a votación de que o asunto quede enriba da mesa obténdose o seguinte resultado:

- votos a favor: 8 (6 PP, 1 BNG, 1 PSOE)
- abstencións: 4 (TEGA)
- votos en contra: ningún

A continuación fálase de realizar a reunión as dez da mañá do día seguinte.

R.E.L. nº 01150294

4.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A.-RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 19.01.2017 (NÚM. 50) ATA O 02.02.2017 (NÚM. 111).

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o día 19 de xaneiro (núm. 50) ata o 2 de febreiro de 2017 (núm. 111), que foron postas de manifesto á secretaria da corporación.

B.- MOCIÓNS.

Non se presenta ningunha moción de urxencia.

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo PP realízanse as seguintes preguntas:

1) A presentada o 22.02.2017 (NRE 699): "...Visto o que saiu na prensa sobre o despido de dúas traballadoras da limpeza de colexios, en que situación se encontra o procedemento para cumplir coa sentencia".

2) A presentada o 22.02.2017 (NRE 700): "...Recibimos varias queixas pola falta de contenedores da basura: solicitude de reposición de contenedores rotos e desaparecidos da súa ubicación".

3) A presentada o 22.02.2017 (NRE 701): "...Fixo vostedes reparacións na Depuradora da rede municipal de auga (Depuradora do Carrizal)".

4) A presentada o 22.02.2017 (NRE 702): "...Alumbrado público, novos puntos ou cambios nos existentes en varios lugares".

5) A presentada o 22.02.2017 (NRE 703): "...En diversas ocasións dixo que o presuposto para o ano 2017 estaba para presentar. Que pasa ou pensa facer co presuposto para o ano 2017?".

6) A presentada o 22.02.2017 (NRE 704): "...Facturas de materiales empregados en fincas privadas".

7) A presentada o 22.02.2017 (NRE 705): "...Que ten pensado facer coas subvencións as Asociacións do Concello".

8) A presentada o 22.02.2017 (NRE 706): "...Alumbrado das festas nas parroquias".

9) A presentada o 22.02.2017 (NRE 707): "...Por qué se retrasou a publicación da baixada de impostos no BOP".

10) A presentada o 22.02.2017 (NRE 708): "...Obras en fincas privadas".

11) A presentada o 22.02.2017 (NRE 709): "...Plan de Emprego da Diputación Provincial de A Coruña".

12) A presentada o 22.02.2017 (NRE 710): "...Saneamento en Carantos-Oca. Importe dos proxecto perdidos da Xunta".

R.E.L. nº 01150294

13) A presentada o 22.02.2017 (NRE 711): "...Seguridade na rede municipal de auga".

14) A presentada o 22.02.2017 (NRE 712): "...Situación dos expedientes de obras: - Auga de Pereiras-Couso. – Plaza e local social de Cereo. – Plaza e local social de Castro".
15) A presentada o 22.02.2017 (NRE 713): "...Cando pensa contestar os escritos presentados solicitando documentación ou información sobre diversos suntos".

O señor alcalde di que as preguntas as entregaron as 3 da tarde e agora fai 15, cando antes o PP as tiña limitadas a 3. En relación a empresa de limpeza recorda que había unha empresa e de repente apareceu outra e o que fixo o equipo de goberno foi licitar o servicio, establecendo como condición que se subrógase o persoal que tiña o concello e non o que tiñan esas empresas. Foron a un xulgado e saíron dúas sentencias condenatorias para a nova empresa e outra sentencia condenou solidariamente ao concello e a nova empresa ao pago aproximadamente de 9000 Euros cada un, pero non de 30.000 como di o PP. Polo que se refire aos contenedores, poden desaparecer por actos alleos a vontade do equipo de goberno, sendo curioso que lle acuse de perda de subvencións pero ao PP lle deron unha subvención no ano 2014 de 25.370 Euros que perderon porque non xustificaron. Lle pregunta se realmente chegaron a adquirir eses contenedores. Di que intentaran repoñer contenedores pero sempre que teñan diñeiro. No referente a auga sinala que o luns presentaron un proxecto para acollerse a unha subvención, para poñer en práctica dúas cousas, unha sonda para a detección de nitrato amónico antes de verter ao río, e por outro lado tratouse na xunta de voceiros o tema de sacar adiante unha ordenanza de boas prácticas, xa que houbo caso de hosteleiros que tiveron que tirar a comida pola forte fedor que tiña a auga da traída. No que respecta ao alumeado público, di que aínda por enriba lle acusa de estar comprando material de segunda man.

Replícalle o señor Pensado que xa o demostrará.

Continua o señor alcalde que se o demostra que o faga, pero que non faga falsas acusacións. Explica que a maiores está a situación dos puntos de luz dos cales sabe o señor Pensado que colocou moitos en zonas privadas, porque a luz ten que ser pública pero el foi astuto e encheu aos seus amigos as propiedades de luz pública e agora sorprendese de por que se suprime. Explica que os obreiros teñen a orde de non repoñer puntos de luz que se fundan en terreos particulares. Dille ao señor Pensado que non lle tire da lingua, porque non quería ir moito máis alá.

Replícalle o señor Pensado que se se dirixe a el non vai ter a oportunidade.

Continua o señor alcalde contestando a pregunta 5 relacionada co orzamento, sinalando que cando o teña o levará o pleno.

O señor Velo pide permiso para ausentarse da sesión cando son as 21 horas e 25 minutos. O señor alcalde con relación a pregunta 6 que fai alusión a obras en fincas privadas, explica que o que se fai e seguir un plan semanal por parte dos obreiros, que queda demostrado, salvo que

R.E.L. nº 01150294

algún traballador non o cumpra, aínda que lle sorprende por que lle parece que igual o señor pensado confúndese de época, porque sitúa en Oca, pero non o sitúa en Oleiros. No referido a subvencións dille que non sabe como pode preguntar iso se foi el o que fixo o plan de axuste. No referido a alumeado de festas lembra que dende o concello se fixeron uns arcos para acceder, e a veces hai que compartilos entre varias parroquias. Deixando o PP unha débeda pendente por estes gastos de 93.457 Euros, cun so proveedor, ao cal lle mandou o PP a colocación de ese alumeado dende o 1 de xaneiro de 2014 ao 30 de Xuño de 2015. É certo que o PP puxo As Vegas en Coristanco, e agora toca pagar. En relación ao BOP aclara que se fixo o trámite, pero o que ten que facer o señor Pensado e contar se dende cando se celebrou o pleno ata antes de rematar o ano había eses 30 días hábiles, e despois demostrar se estaban equivocados. En relación ao plan de emprego aclara que estiveron traballando dous meses, e como quedaron prazas libres se fixo unha segunda convocatoria e eses seleccionados estiveron menos tempo e espera que no 2017 se poidan realizar por tres meses. No que respecta ao saneamento, di que en Carantos e Oca o denegaron porque de repente din que hai unha débeda coa xunta de 54.000 Euros e investigando resulta que o PP solicitou un adianto para facer unhas obras e non as licitou.

O señor Pensado pídelle o escrito de denegación, con número e data.

Resposta o señor alcalde que si, que se trata de un programa a medias, pero non se sabe moi ben como por que non houbo ningún expediente. Dille que respecto ao importe de proxectos perdidos en subvencións se quere tamén se fai un repasiño. Así no 2014 perdéronse 233.973 Euros, polo tanto cando entrou o novo equipo de goberno intentou recuperar algunha de esas subvencións, pero perdéronse moitas que pasaron de data. Intentouse pedir prórroga para poder xustificalas, e algunha non puido xustificarse porque o PP cobraba o adianto, facía parte da actuación subvencionada, e non chegaba a rematarse, polo que agora solicitan ese adianto.

O señor Pensado dille que está de broma.

Continua o señor alcalde pedíndolle que non se inquiete.

Replícalle novamente o señor Pensado que nervioso está el, pero lle costa traballo atender porque parece un cura dando a misa.

O señor alcalde dille que xa que foi deputado consulte como mirar na plataforma da Deputación.

O señor Pensado dille que está perdido.

Replícalle o señor alcalde que o que están perdidas son esas subvencións. No tocante ás facturas de materiais en fincas privadas, o señor alcalde expresa que queda claro a onde foron os traballadores e pode consultalo cando queira. En relación as obras di que está pendente de que se faga a correspondente retención en intervención. Recorda que dende que está o novo equipo de goberno se fan públicas e os licitadores fan baixas, e que se o PP houbese previsto un plan complementario ese aforro podería destinarse agora a outras obras, cousa que na

R.E.L. nº 01150294

época do PP non pasaba, xa que invitaban a tres empresas e xa sabe todo o mundo como acababa a cousa. En relación os expedientes se se lle contesta xa se lle di e se non vostede xa saberá que a lei lle ampara a ver os expedientes, cousa que non se lle vai a prohibir.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 45 minutos do día 22 de febreiro de 2017, do que como Secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº
O Alcalde,

Amancio Lavandeira Suárez

R.E.L. nº 01150294